



Confederación Intersindical Galega

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA**As cousas claras: argumentos, non descalificacións**

A **CIG**, pese a quen lle pese, é a organización sindical máis representativa da AEAT en Galicia, tamén ten a condición de máis representativa no ámbito de AA.PP. o que nos permite estar en todas as mesas de negociación de todos os ámbitos. E sabemos que molestamos porque sempre nos gusta dicir as cousas claras, non nos casamos coa Administración e contamos as cousas tal cual son, non negociamos nos despachos nin ás costas dos traballadores, somos claros e diáfanos: o mesmo que dicimos en público, dicímolos en privado. Non soemos entrar en guerras que non son nosas nin faltar ao respecto aos demais, pois temos claro quen é o noso obxectivo e cales son as loitas que queremos levar. Cando vemos acordos que poden ser positivos para os traballadores asinámoslos, as veces con máis acerto que outras: así pois, asinamos o Acordo de Carreira Administrativa, os acordos de Formación e o último Acordo de Renda, pois pensamos que responden ao que os traballadores demandan. E non asinamos o PEIA porque supón un paso atrás para o persoal e volver á dinámica da produtividade: depender dos xefes, non poder explicar porque tí cobras menos que o teu compañeiro facendo o mesmo traballo, e seguir coa arbitrariedade de sempre.

E por suposto, supoñendo que estés ben de saúde que noutro caso, non vas ver os cartos diante...Por iso pensamos que como sindicato non podemos defendelo, non cremos que sexa difícil de entender. E moito menos entendemos que se poidan recoller sinaturas para, supostamente, reactivar o acordo de Carreira Administrativa, e logo, por arte de birlibirloque, éstas se utilicen para ter máis PEIA, e dar o aval para que, se antes o PEIA supuña o 5% do noso salario, agora xa esté máis cerca do 20%.

Pensamos tamén que parece que , desgraciadamente, todos os que non estamos co “pensamento único”, ou que nos saímos da liña marcada pola Dirección da AEAT (léase “PEIA”), non podemos expresar libremente a nosa postura. As notas informativas que se están a mandar nos últimos tempos dirixidas aos que non pensan como eles, aparte de estar redactadas cun mal gusto evidente, con expresións desagradables impropias de organizacións sindicais serias, esquécense do malestar que a sinatura do “anexo” ao PEIA ocasionou entre os seus propios delegados e afiliados, atónitos ante o “cambalache “ que produciu o conflito máis corto da historia da AEAT (Carreira por PEIA). A mesma perplexidade que está levando a que persoal doutras Delegacións Especiais se esté mobilizando mediante escritos pedindo explicacións sobre o acontecido. Como a **CIG** non precisa entrar en descalificacións que non interesan para nada aos traballadores, pois argumentos temos de sobra, e sempre desde o respecto e a educación que pensamos que debe haber nas notas informativas, pasamos a aclarar o que realmente vos interesa pois sodes moitos os que nestes días estades acundindo a nós para aclarar a situación na que na estamos na actualidade.



Confederación Intersindical Galega

- **¿Qué pasa co Acordo de Carreira e o famoso conflito?**

Pois que de momento queda aparcado ata xuño, o que supón, ao noso entender, a “morte tácita” do conflito e da posibilidade de reactivar o Acordo. E logo se verá. Perdeuse unha oportunidade histórica para moverse, tal e como están facendo outros colectivos, para conseguir unha mellora nas retribucións fixas.

- **O PEIA do 2018 asinouse, ¿sí ou non?, ¿cantas horas hai que facer?**

Non, o PEIA aínda non se asinou, polo tanto non se sabe aínda as horas que hai que facer. O que sí está asinado é unha parte ou anexo do PEIA, a que establece uns pagos mensuais de produtividade.

- **¿Para cobrar eses pagos mensuais hai que facer horas?**

Pois sí, ao estar ligados ao PEIA, e tal e como aparece no anexo asinado, se non fas o PEIA non vas cobrar, polo que tes que facer as horas que se marquen no acordo, e coas condicións que marque o acordo, pois noutro caso non cobrarás. E como están ligadas á produtividade, se tes a desgraza de estar de baixa, non cobras. E sí, hai que comunicalo expresamente, non sabemos aínda cómo pero hai que “significarse”, supoñemos que para facer listas de bós e malos, algo máis propio de tempos pasados

- **¿E o persoal laboral pode participar?**

A día de hoxe aínda está pendente a autorización dos órganos competentes da CECIR para poder dispoñer dos cartos do PEIA. Hai unha intencionalidade da AEAT de que así sexa, pero aínda non se conta coas autorizacións pertinentes.

E xa sabemos o que vai pasar, veremos ao Director da AEAT celebrando os datos históricos da loita contra a fraude na AEAT grazas aos que participan ao PEIA (o resto non existe), e o incremento da diferenza abismal de produtividade que cobran os A1, fronte o resto dos traballadores, mentres as nosas retribucións fixas seguen coma sempre. Nós non nos rendiremos, seguiremos loitando polo Acordo de Carreira e as nosas reclasificacións. **DÉBENNOLO, SON NOSAS.**

CIG-AEAT

TELF:981 61 68 89-EXT.:868 89//FAX 981 12 72